Arquitectos Sen Fronteiras

ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS

MEMORIA ACTIVIDADES 2013

"Proceso participativo de Acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción"

1. DATOS RELATIVOS AO PROGRAMA
    - Denominación do programa/actuación/curso
    - Marco no que se desenvolve o programa/actuación/curso

2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

3. OBXECTIVOS
    - Obxectivo xeral
    - Obxectivos específicos

4. METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

5. **ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS**
    - Fases da actuación
    - Datas de inicio e remate
    - Número de horas para cada fase da actuación
    - Lugar onde se realiza
        - **Actuacións específicas**

6. AVALIACIÓN , SEGUIMENTO E CONCLUSIÓNS

1. DATOS RELATIVOS AO PROGRAMA

• Denominación do programa/actuación/curso

"Proceso participativo de Acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción", como continuidade da intervención enmarcada no "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" de Arquitectos Sin Fronteras-Galicia.

• Marco no que se desenvolve o programa/actuación/curso

A ferramenta diferencial de ASF Galicia para acadar a misión de lograr un mundo xusto e solidario, é reivindicar o dereito ao hábitat como necesidade básica imprescindíbel para vivir con dignidade e seguridade, para desenvolver libremente a propia personalidade e para participar libremente na vida comunitaria.

ASF-Galicia considera que a vulneración deste dereito básico dana a integridade física e mental das persoas, a súa vida privada, familiar e social, o seu dereito ao traballo, á educación e a participación política e cidadán.

Arquitectos Sen Fronteiras leva varios anos activando proxectos de acompañamento á poboación, asesoramento técnico e incidencia política nos asentamentos precarios de A Coruña, co obxectivo de mellorar as condicións de habitabilidade que a poboación padece, e facendo seguimento dos problemas socias da comunidade.

Esta situación de carencia de vivenda prolongada no tempo xera unha problemática de exclusión social de carácter multidimensional que están a padecer milleiros de persoas que viven en asentamentos precarios e chabolistas urbanos en Galicia. Ante esta situación ASF entende a "Erradicación do Chabolismo" como a satisfacción dun conxunto de necesidades que se deben encaixar dentro dun programa de accións que teñan como obxectivo a inclusión social, por elo o nome do proxecto que ASF desenvolve no marco da problemática chabolista de A Coruña leva o nome de "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas".

Ao abordar a planificación dun programa de inclusión social, son varias as áreas de intervención a ter en conta:

A educación, a sanidade, tanto no seu estado físico como psíquico; a situación laboral, como aspecto fundamental e principal, xa que o emprego non é soamente un dereito social nin a principal e case única fonte de ingresos na sociedade de consumo, senón o principal mecanismo de integración social e desenvolvemento persoal e, por último, a habitabilidade, o dereito a un fogar e un entorno axeitado onde poder acadar un desenvolvemento humano e social.

2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

Despois de 30 anos de persistencia dos asentamentos precarios na cidade de A Coruña e tras un traballo de 3 anos de estudio, seguemento e avaliación das políticas públicas en materia de intervención social en asentamentos chabolistas, se detecta unha total deficiencia no proceso de planificación integral destas accións, unha carencia xeralizada dunha fase previa de achegamento, fortalecemento e empoderamento da poboación obxectivo e de previsións específicas para mellorar a calidade de vida das familias. En definitiva, unha carencia de recursos específicos adaptados á problemática de exclusión social e intervencións de carácter multidimensional.

Dende ASF priorízase, nas accións de inclusión social, a **fase previa de identificación da problemática** real e de cohesión social coa poboación como elemento clave para iniciar calquera proceso de integración e realoxo no que o obxectivo principal non sexa exclusivamente o desmantelamento do asentamento chabolista senón que procure unha real inclusión social da poboación afectada.

O apoio das organizacións de base social e a participación da propia poboación obxectivo, considerándoa coma os protagonistas do proceso dende a fase de identificación da problemática, favorecerán o éxito da iniciativa de inclusión social co fin de acadar un impacto positivo na sociedade. Non se pode manter de lado á poboación afectada senón que se trata de construír con ela todo o proceso de visibilización e transmisión dunha imaxe positiva e pro-activa de cara á sociedade maioritaria se queremos acadar un cambio real a favor dunha sociedade máis xusta e unha cidadanía incluínte.

Dada a experiencia de ASF- Galicia na identificación da complexa realidade de exclusión que están a padecer as minorías que viven nos asentamentos precarios mediante a utilización da técnica de traballo de campo en procesos participativos coa poboación afectada e despois de realizado un estudo profundo de coñecemento, análise e diagnose da situación se detectan as carencias referenciadas que xustifican a intervención proposta.

E ademáis xustificamos a pertinencia da proposta e da continuidade do traballo que está a realizar ASF-Galicia :

- A pertinencia da implicación do tecido social: Acolléndonos aos principios de enfoque integrado e a implicación do tecido social, a organización ASF-Galicia presenta este proxecto enmarcado no **"Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas"** co fin de aumentar a capacidade de acción para loitar contra a exclusión social que padece a poboación que vive nos asentamentos chabolistas de As Rañas e Ponte Pasaxe, situados na cidade de A Coruña.

- A pertinencia da continuidade do traballo que está a realizar ASF-Galicia: Dada a situación de precariedade habitacional nos asentamentos de Pasaxe e As Rañas, ASF-Galicia considera necesario continuar co proceso de traballo social iniciado no ano 2009 en As Rañas e no ano 2011 en A Pasaxe e fortalecer a intervención con persoal especializado contratado para optimizar o aporte dos voluntarios e acadar maior impacto nas actividades realizadas.

- A pertinencia de abordar o ámbito de emprego na integralidade do "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" : Ao abordar a planificación dun programa de inclusión social, a situación laboral das persoas que se atopan excluídas preséntase como un aspecto fundamental. O emprego non é soamente un dereito social nin a principal e case única fonte de ingresos na sociedade de consumo, se non o principal mecanismo de integración social e desenvolvemento persoal.

A relación das persoas co mercado de traballo ten consecuencias máis alá da renda dispoñible ou das pautas de consumo. O emprego, ademais de permitirnos levar unha vida digna, é fonte de recoñecemento e participación social e institucional, mellorando a autoestima e facilitando a inclusión nas principais redes sociais. É en definitiva, un dos principais axentes de socialización.

- A necesidade de regularizar situacións de autoempregos informais: Aínda que os datos son escasos, pódese afirmar que a porcentaxe da poboación xitana que traballa por conta allea é escasa. A gran maioría traballa por conta propia, en situacións de crecente dificultade e precariedade. Dende a sedentarización dos xitanos a mediados do século pasado, as principais actividades fundamentais da comunidade foron a venda ambulante e a recollida de cartón e chatarra e, no caso do asentamento de Ponte Pasaxe, tamén o marisqueo. As relacións laborais da gran maioría da comunidade son de forma non regularizada, incumprindo as normativas no tocante a dereitos e obrigas. Recentemente foron implantadas novas leis no mercado da compra e venta da chatarra e do cartón, esixíndolle aos vendedores a súa regularización para exercer a venda, un problema que sumado ao que xa había, polo manexo de materiais perigosos e xestión de residuos dos materiais contaminantes, reduce e exclúe aínda máis as persoas que mantiñan un emprego e que por medio de el lograban sobrevivir.

Facilitar o acceso da poboación xitana ao mercado laboral é perfectamente compatible co apoio á regulación e dignificación dos traballos que realizan actualmente.

As políticas públicas de inserción laboral non alcanzan entre esta poboación os resultados esperados e a situación de exclusión tanto por falta de vivenda digna como por falta de emprego se retroalimentan impedindo a esta poboación saír do círculo de exclusión no que se atopan e perpetuando esta situación sobre as xeracións futuras.

3. OBXECTIVOS

O carácter innovador do proxecto que se presenta é a consideración da situación da poboación obxecto como unha problemática de exclusión social de carácter multidimensional, é dicir, unha problemática complexa na cal as carencias nas diferentes áreas se retroalimentan negativamente impedindo lograr algunha mellora na situación xeral.

Desde xeito, consideramos necesaria a elaboración conxunta e participativa de Itinerarios Personalizados que contemplen todos aqueles aspectos fundamentais e imprescindibles para a inclusión plena das persoas na sociedade. Estes Itinerarios abranguen todos os ámbitos da intervención do Programa de Inclusión de xeito interrelacionado entre si: a mellora da situación habitacional e o acceso a unha vivenda digna, o acceso regular a recursos sanitarios e hábitos de vida saludables, a normalización da súa situación dende o punto de vista xurídico, a mellora do acceso ao sistema educativo loitando contra a desescolarización dos menores e o analfabetismo en adultos, a súa formación específica necesaria para a súa inserción socio-laboral… todo isto promoverá un cambio nas condicións de vida que permitirá o empoderamento da pobación, a mellora das súas relacións sociais, a posibilidade de acceder a un posto de traballo normalizado e, en definitiva, a posibilidade de saír da situación de exclusión social.

Cabe destacar, como proba desta necesidade, os itinerarios realizados polos Servicios Sociais ás persoas perceptoras de RISGA, que na actualidade inclúen o requisito de facer unha búsqueda activa dunha vivenda e incluso determinan o prazo para abandonar o asentamento de forma efectiva e definitiva.

Por este motivo consideramos necesario o traballo conxunto e coordinado en todas e cada unha das áreas de intervención: social, habitacional, sanitaria, educativa e laboral, sendo imposible alcanzar unha inclusión plena deixando atrás algunha destas graves carencias que persisten nos asentamentos precarios e plantexamos os seguintes obxectivos:

• Obxectivo xeral

Fomentar a integración social de familias chabolistas de As Rañas e A Pasaxe a través de itinerarios personalizados de inclusión.

• Obxectivos específicos

O.1 Lograr a elaboración participativa de itinerarios personalizados de inclusión que reflictan a complexidade das súas carencias e deseñen o itinerario integral encamiñado á súa inclusión social, incidindo nomeadamente na área da mellora habitacional e na área da inserción sociolaboral.

O.2 Acompañar o proceso do desenvolvemento dos itinerarios personalizados no tocante a todas as áreas da intervención social para integrar a persoas en exclusión social.

O.3 Promover a inclusión no mercado laboral a través dun proceso participativo para a mellora da empregabilidade e o desenvolvemento de hábitos prelaborais e habilidades que faciliten a búsqueda de emprego.
O.4 Fomentar o traballo feminino, considerándoo como principal motor do tecido comunitario e doméstico e utilizar esta premisa como medida de acción positiva para fomentar e motivar o emprego feminino en toda a poboación
O.5 Buscar e identificar iniciativas de autoemprego e/ou de contratación laboral axeitada ás habilidades e capacidades da poboación obxecto mediante a prospección en empresas.

O.6 Incidir na importancia da educación primaria implicando aos pais na loita contra a desescolarización.

O.7 Promover unha mellora no ámbito cotián das familias atendendo ós ámbitos transversais de condicións de salubridade, situación xurídica e loita contra a violencia de xénero.

O.8 Asesorar en todos os pasos do itinerario habitacional dende a procura da solución máis axeitada ás necesidades da unidade convivencial ata a xestión dos recursos existentes, entendido o abandono da situación de chabolista como pilar fundamental do proceso de inserción sociolaboral.

4. METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

A metodoloxía de traballo de ASF fundaméntase no traballo de campo, facilitada polo persoal voluntario para poder multiplicar o alcance das accións coa poboación e a súa implicación no proxecto. Trátase de aportar un traballo complementario aos servizos sociais de base, actuando coma red capilar que multiplica as accións deste recurso grazas ao aporte do traballo voluntario adecuadamente formado, guiado e coordinado por técnicos profesionais. Nestes contextos tan complexos é fundamental a atención personalizada; baixo a condición de habitante de asentamento precario se esconde unha diversidade de poboación que require un estudio pormenorizado de casos, por núcleo familiar e persoal.

Para que as dinámicas participativas sexan realmente efectivas é preciso un traballo previo de educación, fortalecemento e empoderamento da poboación.

Dende Arquitectos Sin Fronteras consideramos como pilares fundamentais do Proxecto de inclusión que aquí se presenta, a participación e o traballo conxunto coa poboación e diversificación da intervención nas áreas de actuación antes mencionadas, converténdoas nun único obxectivo común que garanta a longo prazo a inclusión real da poboación beneficiaria.

A metodoloxía de traballo baseouse no obxectivo de xerar unha estratexia de intervención cuxa eficacia resida en non omitir ningunha destas áreas, seguinte o seguinte protocolo de intervención:

. Coñecer a situación, como punto de partida para apoiar a inserción social e habitacional da poboación xitana.

. Construír accións positivas coa poboación en xeral, e coas mulleres en particular, como mecanismo de igualar oportunidades, paliando as asimetrías existentes.

. Participación do tecido social na construción e desenvolvemento das iniciativas, formou parte da estratexia de sensibilización e comunicación, así como do apoio profesional para poder levar a termo os programas deseñados.

. A capacitación profesional e habilidades, prácticas prelaborais e formación básica.

. Posta en marcha de iniciativa de autoemprego. Motivar, sensibilizar e formar a persoas que na actualidade traballan de maneira irregularizadas na busca de cartón e chatarra, co obxectivo de empreder en conxunto proxectos comunitarios laborais que sirvan como paraugas legal a vez que de ponte para unha inserción social.

. Traballo en rede. A transversalidade e a interdisciplinariedade son conceptos básicos na estratexia de cooperación de ASF .

5. ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS

Fases da actuación	Data Inicio	Data Fin	Horas de Duración
Deseño Itinerarios Personalizados	Xaneiro 2013	Setembro 2013	840
Desenvolvemento dos Itinerarios	Marzo 2013	Novembro 2013	360
Avaliación e reformulación dos Itinerarios	Outubro 2013	Decembro 2013	240

Localización Territorial: Asentamento de A Pasaxe e As Rañas (A Coruña)

Actuacións específicas:

Deseño de Itinerarios personalizados de inclusión, consensuados e realizados de forma participativa coa poboación entendidos de xeito integral orientados, por unha banda, á búsqueda dunha alternativa habitacional e, por outra, á inserción sociolaboral da poboación desempregada, que inclúen tarefas de acompañamento e asesoramento para a formación e búsqueda de emprego.
Deseño conxunto entre usuarios e técnicos dun itinerario de inclusión social que contemple un itinerario específico de inserción sociolaboral e un itinerario habitacional, tendo en conta as súas necesidades e aspiracións, os recursos dispoñibles e contando coa súa motivación e implicación, ademais doutros aspectos xerais de índole social.
Partimos dunha actitude pro-activa por parte das persoas participantes, e empezamos a traballar conxuntamente dende o momento en que se aprecia a súa vontade de mellorar as súas condicións de vida, requisito inicial para un traballo participativo do seu itinerario.
Traballouse principalmente coas mulleres, considerándoas o elemento clave na unidade convivencial e principal motor do cambio na procura dunha vida mellor para os menores/as e a familia. Ademais, incidiuse no traballo de empoderamento da muller de xeito coordinado en tódalas áreas de intervención.
O traballo previo realizado coa unidade convivencial (durante o ano anterior), permítenos identificar a casuística que a conduce á procura dun cambio sociolaboral e habitacional fóra do asentamento.
Analizamos a casuística social e física (árbore de problemas) e trazamos conxuntamente un árbore de obxectivos que inclúan as aspiracións da unidade convivencial e das persoas participantes. A partires desta análise, trazamos un itinerario a corto, medio e longo prazo de xeito interrelacionado cos ámbitos habitacional e de inserción sociolaboral, de educación e de saúde incluíndo as pautas transversais sociais e xurídicas a ter en conta..
Este proceso conta con distintos grados de avance dependendo da situación social da familia e do ritmo de traballo diferenciado con cada un deles ou mesmo dos avances recoñecidos tendo en conta tódalas áreas da intervención.

O desenvolvemento dos **itinerarios de inserción socio-laboral** consitíu:

- Elaboración, acompañamento personalizado e seguimento do itinerario personalizado de inserción sociolaboral.

-Acceso á formación básica, alfabetización e prelaboral.

-Elaboración de currículos e orientación na busca de emprego e no acceso á recursos.

- Mediación entre os recursos existentes, municipais e de entidades do Terceiro Sector e a poboación. Asesoramento e derivación a recursos especializados.

- Obradoiros formativos de organización propia:

- Clases de alfabetización, lectoescritura e apoio
- hábitos e habilidades sociais, mellora da empregabilidade, desenvolvemento de capacidades e recursos persoais, aptitudes básicas…
- técnicas de ventas, xestión de empresas e autoemprego.
- concienciación en materia de violencia de xénero e igualdade e fomento do emprego feminino.

- Acompañamento no proceso de posta en marcha da alternativa de autoemprego e de ofertas laborais de contratación

- Campaña de difusión da iniciativa con implicación activa das participantes: charlas en centros educativo e asociacións, mesas e postos de información cidadá, reportaxes televisivos e radiofónicos, difusión en domicilios e particulares...

- Prácticas prelaborais enfocadas ao autoemprego:

- Posta en práctica das capacidades para o emprego a través de actividades laborais participando no "Proxecto de autoempleo para mulleres en exclusión social na xestión de aceite doméstico usado",que facilite á poboación acceder a un traballo normalizado e remunerado denominado "Mulleres Colleiteiras".
- Fomento de actitudes pro activas de incorporación ao mercado de traballo
- Desenvolvemento e mellora de capacidades para o emprego mediante formación teórica e práctica: habilidades de comunicación, atención a clientes, fomento da puntualidade, responsabilidade e profesionalidade… traballo con grupos,
- Mellora das capacidades de organización, no ámbito persoal, empresarial e doméstico, para a conciliación da vida laboral e familiar.

- Seguimento dos menores en idade de escolaridade obrigatoria en tarefas de apoio á escolarización:

- Reunións con persoal docente e de orientación para o seguimento dos menores
- Asesoramento e acompañamento no acceso á PCPIs e PDCs así como de programas específicos de apoio a menores con necesidades específicas.
- Traballo de mediación con inspección educativa nos trámites de acceso á escolarización e transporte escolar.

O desenvolvemento dos **itinerarios personalizados habitacionais**, consistíu:

- Búsqueda conxunta, participativa e consensuada de alternativas habitacionais, a medio e longo prazo, e acompañamentos durante todo o proceso. ASF traballou con 10 UC na búsqueda conxunta, participativa e consensuada do seu itinerario habitacional, a medio e longo prazo.

- Búsqueda e visitas de inmobles, documentación, recollida de información urbanística, reunión con concellos, propietarios, inmobiliarias, etc

- Casos de realoxo en aluguer: Aínda que cada caso ten un desenvolvemento diferenciado, pódese decir que, en xeral, en todos os casos hai unha forte compoñente de traballo de búsqueda de aloxamento axeitado ás necesidades da familia e aos recursos existentes. Esta difícil tarefa para a usuaria vén condicionada pola necesidade de buscar un aloxamento de coste mínimo (entre 250€-300€) e ademais contar co visto e prace do propietario para alugar a un inquilino carente de nómina. A tarefa de búsqueda, conxuntamente coa usuaria, e o acompañamento ás visitas permite dar continuidade e tensión aos procesos de saída do poboado para que non caian nun retroceso e desbloquear posibles obstáculos que paralizarían estes procesos de cambio se non se resolven a tempo. Este labor permite que os casos se presenten ao ETECH xa cun contrato de aluguer para poder tramitar as axudas pertinentes do Concello, proceso complicado para ser realizado en solitario polas usuarias. A importancia desta fase reflíctase nos resultados obtidos no número de realoxos realizados este ano polo ETECH.
Metodoloxía: ferramentas de búsqueda por internet e traballo de campo de búsqueda; acompañamento a visitas presenciais; trámites e xestións cos propietarios ou axencias inmobiliarias e seguemento na tramitación da axuda en coordinación con todos os actores.

- Casos de realoxo por adquisición de vivenda: Nesta primeira fase do desenvolvemento do itinerario tamén se considera clave o estudo da información urbanística das alternativas habitacionais para coñecer e garantir unhas condicións de seguranza para o comprador.

Ademais do acceso virtual á información urbanístico de cada concello, tamén realizamos reunións informativas cos técnicos de urbanismo do concello de destino.

Metodoloxía: ferramentas informáticas na búsqueda catastral e de información urbanística no planeamento do concello e reunións presenciais cos técnicos de urbanismo.

- Análise documental da lexislación relativa ao ámbito da intervención, dos recursos materiais e análise de actores, dos recursos humanos dispoñibles. Procedeuse a unha recopilación documental da información relativa á habitabilidade ordenada por: bibliografia, leis de referencia a nivel europeo, estatal, autonómico, municipal Realizouse unha pesquisa e debuxouse un mapeo de recursos económicos adicados á erradicación de chabolismo e a programas de desenvolvemento xitano tanto a nivel europeo, estatal, autonómico e municipal e avaliouse os recursos adicados e os resultados obtidos entre a poboación obxecto. Ademais realizouse unha análise de actores e debuxouse un mapeo de recursos humanos adicados á erradicación de chabolismo e a programas de desenvolvemento xitano tanto a nivel autonómico e municipal e avaliouse os recursos adicados e os resultados obtidos entre a poboación obxecto.

- Reunións informativas cos axentes implicados. Pretendeuse traballar en coordinación cos demais actores implicados na mellora das condicións da poboación obxecto tanto por parte da administración coma por parte das entidades privadas. En relación coa área de habitabilidade reforzouse principalmente a relación co Equipo Técnico de Erradicación do Chabolismo da Concellaría de Servizos Sociais de A Coruña e traballouse directamente coas Traballadoras Sociais e Educadoras Sociais dos Centros Cívicos de referencia da poboación dos asentamentos de A Pasaxe (Centro Cívico Municipal de Palavea) e As Rañas (Centro Cívico Municipal de Elviña). Destaca tamén a coordinación e reunións de seguemento coa Concellaría dos Servizos Sociais de Culleredo pola relación directa, tanto por vínculos familiares coma por proximidade, que a poboación de A Pasaxe ten con este Concello e a preferencia como lugar de destino do seu realoxo. Asemade mantivéronse reunións informativas co Director do IGVS e técnicos vinculados ao Plan Galego de Inclusión Social.

- Diagnóstico e asesoramento técnico en materia urbanística, arquitectónica e construtiva, vinculados aos Itinerarios Habitacionais.

● Casos de terreno en propiedade: Estudiase a situación urbanística do terreno e planteanse as posibilidades que ten para construir unha vivenda axeitada para unha unidade convivencial determinada.

● Casos de adquisición de vivenda: Ao seren casos de vivendas de moi baixo custe, as condicións de habitabilidade compren ser moi precarias e precisan dunha intervención de acondicionamento que dote á vivenda dun confort e dunhas condicións de salubridade aceptables. Nestes casos realízase un informe técnico e unha memoria valorada que recolla as actuacións precisas e permita a solicitude de recursos económicos para acadar o obxectivo do realoxo nunha vivenda digna.

- Formulación de subvencións públicas ou solicitudes de financiamento privado, bases para a redacción de proxectos arquitectónicos, tramitación e propostas de alegacións urbanísticas, etc. As formulacións de solicitudes enfócanse á obtención de fondos para amellora das vivendas adquiridas polos chabolistas, coas axudas para compra de vivenda xestionadas polo Concello de A Coruña. No tocante aos temas urbanísticos e xurídicos se traballou na defensa dos intereses dos moradores dos terreos adxacentes á Nave la Toja, con orde de demolición, no asentamento da Pasaxe. Para a poboación da parcela de As Rañas, estudiouse co Servizo de Planeamento algunha proposta para ter en conta á poboación deste asentamento na aprobación do planeamento do PXOM de A Coruña.

Por outra banda, no marco dos itinerarios traballáronse **outros aspectos fundamentais de índole social** :

- Identificación da problemática en materia de saúde, tanto a nivel físico como psicolóxico.
● Información e asesoramento sobre as posibles alternativas e recursos da zona, asesoramento e derivación a recursos especializados.

● Apoio psicolóxico e derivación a recursos especializados en casos específicos que requiren de tratamento psicolóxico.

- Apoio na búsqueda da normalización da situación de carácter xurídico:
● Asesoramento e acompañamento en trámites de carácter xurídico: sancións administrativas, separacións e custodias, bens e propiedades, créditos, cobros indebidos, penas e condenas en réxime de internamento, traballos en beneficio á comunidade…

● Asesoramento e acompañamento en trámites de carácter xurídico vinculados co ámbito da habitabilidade: réxime de tenencia de vivendas e terreos, regularización da situación de vivenda…

● Tarefas de mediación cos diferentes axentes implicados: abogados do turno de oficio e particulares, Centro de Inserción Social, centros de menores…

- Seguimento dos menores en idade de escolaridade obrigatoria en tarefas de apoio á escolarización:
● Reunións con persoal docente e de orientación para o seguimento dos menores

● Asesoramento e acompañamento no acceso á PCPIs e PDCs así como de programas específicos de apoio a menores con necesidades específicas.

● Traballo de mediación con inspección educativa nos trámites de acceso á escolarización e transporte escolar.

6. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E CONCLUSIÓNS

As distintas actividades desenvolvidas con énfase no traballo de campo permitiron crear unha complicidade entre os voluntarios de ASF-Galicia e a poboación dos asentamentos de A Pasaxe e Rañas, polo que valoramos moi positivamente o balance do proxecto en xeral.

O diagnóstico da situación de cada persoa, a identificación das necesidades e o coñecemento da complexidade do contexto permitiunos establecer as pautas de partida para esbozar os Itinerarios Personalizado de Inserción adaptado a cada persoa.

Polo tanto, considérase que o obxectivo fundamental e xeral do proxecto foi superado ao ter acompañado á poboación dos asentamentos nun proceso de tránsito encamiñado a acadar unha inserción pelna a través dun itinerario deseñado en base ás súas necesidades e aspiracións elaborado conxuntamente con 27 persoas, tendo en conta os recursos dispoñibles e contando en todo momento coa súa motivación e implicación no proceso.

No marco deste Proxecto, e o co obxectivo de facilitar o acceso ao mercado de traballo da poboación coa que traballamos, logrouse poñer en marcha unha alternativa de autoemprego dirixida ás mulleres en situación de exclusión social, dos asentamentos chabolistas de As Rañas e A Pasaxe.

Dende que comezamos a darlle forma a esta iniciativa, as mulleres participantes foron consolidando a súa implicación, nun proceso progresivo de empoderamento e crecemento persoal e social. Dende o primeiro momento, están aportando o seu traballo e invertindo o seu esforzo para sacar esta iniciativa adiante e lograr acceder a un empleo nun futuro.
Este proceso permitíu ás participantes desenvolver as súas capacidades e habilidades para o emprego, mediante prácticas prelaborais e xornadas formativas que contribúen a asentar as bases para unha verdadeira mellora da súa empregabilidade e unha mostra do seu interese polo cambio.

Deste xeito, valoramos a implicación dos participantes como un éxito e os resultados obtidos como moi satisfactorios tendo en conta a participación activa, os hábitos e actitudes adquiridas respecto esta iniciativa en concreto e o seu intinerario de xeito integral.

Por outra banda, destacar o desenvolvemento de traballo técnico para artellar novos mecanismos que resulten máis eficaces e eficientes no labor de loita contra a exclusión social, incentivando procesos baseados na busca de recursos á poboación e na coordinación e suma de sinerxias entre distintas entidades e recursos.

A metodoloxía utilizada por ASF-Galicia fundamentada en 3 fases diferenciadas: Diagnóstico- Itinerario- Intervención, ponse de manifesto neste proceso participativo de elaboración de Itinerarios Personalizados enmarcado no "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" .

Esta metodoloxía foi a que fixo posible o éxito do proxecto, contando coa implicación de poboación dende a fase inicial de identificación da poboación e das intervencións a realizar, recoñecendo o seu papel primordial e activo en relación á mellora das súas condicións sociolaborais e habitacionais.

Co obxectivo de proseguir co traballo desenvolto durante os últimos meses e co proxecto en cuestión, preténdese dar continuidade as accións iniciadas e prolongar as actividades mantendo o contacto coas familias para continuar a desenvolver os procesos iniciados, por tratarse de obxectivos a medio ou longo prazo que non finalizan no cronograma do proxecto senón que requiren dun seguimento e actividade por parte de Arquitectos Sen Fronteiras que se prolongará no tempo, na búsqueda do obxectivo xeral do proxecto.

Deste xeito, o protocolo de seguimento pretende continuar ca mesma liña de traballo utilizada ata o momento, baseada no traballo de campo, no contacto directo e a confianza coa poboación, a participación e consenso en tódalas fases do proceso, e o esforzo de todos.

A conclusión mais importante que podemos extraer, é o elevado nivel de participación e disposición das persoas participantes neste longo proceso, a satisfacción de ser responsables do seu cambio que nace da propia iniciativa, facilitándolles as ferramentas necesarias como o acceso a información e recursos, a atención dos técnicos, a asistencia a cursos e prácticas, cambios que eles mesmos perciben como grandes pasos e que os inspiran a continuar traballando por deixar atrás a situación de exclusión na que se atopan.